

REDE DE ENTIDADES COLABORADORAS EN FORMACIÓN EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL DA USC

Que é a Rede ECIA-pro?

A Rede de entidades colaboradoras en formación en IA da USC, Rede ECIA-profesional, é un instrumento **de colaboración con empresas e institucións comprometidas con xogar un papel activo na formación en intelixencia artificial dos futuros profesionais.**

É un marco estable de colaboración que se desenvolve a través dun **plan de actividades anual integrado e coordinado coa programación docente do curso**, para contribuír a:

- Acadar **competencias profesionais** aportando un punto de vista práctico de aplicación dos coñecementos e habilidades requiridas no mercado laboral.
- Aportar unha **visión actualizada e global da demanda de solucións de IA** nos diferentes sectores da economía, amosando tamén as **oportunidades de carreira profesional que se pode desenvolver dende Galicia.**
- Achegar ao estudantado os **avances en investigación e innovación** nun mercado profesional dinámico

Que actividades desenvolve a Rede ECIA-pro?

A Rede ECIA-pro implica activamente aos axentes da cadea de valor completa, desde a ideación (centros de investigación e cen-

tros tecnolóxicos), a oferta (sector tecnolóxico) e a demanda (sector empresarial/administracións) no desenvolvemento das actividades que potencien o perfil profesional e emprendedor do estudiantado.

Entre outras, as actividades que oferta a Rede ECIA-pro son:

- Colaboración nos proxectos integradores de IA no Grao
 - Seminarios profesionais
 - Talleres interactivos de demanda
 - Asesoramento experto
 - Cotitorización de proxectos
 - Mentorización
- Prácticas externas
- Traballos Fin de grao

A Rede ECIA xoga un papel especialmente relevante no módulo profesional do itinerario “Sistemas Intelixentes” que se desenvolve nos cursos 3º e 4º do Grao de Intelixencia artificial na USC.

Quen forma parte da Rede ECIA-pro?

22 Entidades colaboradoras de diferentes ámbitos:

- Industria e servizos TIC
- Sectores estratéxicos
- Centros tecnolóxicos e agrupacións do sector



Proxectos cotitorizados

No curso 2024/25 desenvolvéronse trece proxectos cotitorizados dentro da materia “Proxecto Integrador de IA 1” (3º Curso). A través dunha dinámica de Talleres interactivos de demanda, as entidades plantexaron casos de uso de aplicación da IA aos diferentes sectores económicos. O estudiantado deu resposta aos retos desenvolvendo en equipo os proxectos, analizando o impacto no seu sector, adquirindo un coñecemento práctico e desenvolvendo as capacidades e habilidades imprescindibles na súa formación integral como futuros profesionais do sector.

Entidade	Proxecto	Cotitores/as	Estudantes
Amtega	Sistema de monitorización de eventos no Camiño de Santiago	María José García Sexto	Manoel Mellid Losada Borja Puime Rodríguez Carolina Rey Conesa
Cetaqua (Viaqua)	Modelo de predición da concentración de trihalometanos na auga a través de virtual sensing.	Teresa Alvariño Pereira	Pedro Arias Redondo Mateo Fraguas Abal Luis Gómez Dios
CTAG	Car Task Master: Scheduler para fábrica de inxección de plásticos e espumas.	Ángel Dacal Nieto	Lucas Arce González Daniel Antonio Crespo Velando Felipe Manuel Aba González
DataLife	Detección automática de resultados en probas de laboratorio baseadas en imaxes	Patricia Fraga María	Alexia Canosa Rojo Rosa Mª García Cao Emilio Pesenti Frade
Eurostars	Estratexia de fidelización baseada en datos no sector hoteleiro	Alejandra Comeseña Ignacio Freire	Luis Cantón Armada Bastián del Río Blanco Diana Rozados Gaitero
Eurostars	Expansión hoteleira baseada en datos	Alejandra Comeseña Ignacio Freire	Andrea Mª Barreiro Fernández Beatriz Dopico Formoso Helena García Osorio

Entidade	Proxecto	Cotitores/as	Estudantes
Gradiant	IA aplicada á prevención de riscos laborais	Héctor Cerezo Costas Pablo Dago Casas	Breixo Brea Pallarés Roque de Arcos Lago Samuel Gutiérrez Castañeda
Gradiant	Sistema de detección automática de anomalías en bandas de TDT	Anxo Tato Arias	Stevan Lino Gartz Óscar Mirás Sánchez Joel Rubio González
Hijos de Rivera	Busca de moléculas para combater o síndrome metabólico	María Paredes Ramos	Javier López García Lea Mota Camino Rocío Rey Calvo
Inditex	Medición dixital de prendas - extrapolación de medidas a novas tallas	Laura Rodríguez Barreiro Adrian González Sieira	Diego Caeiro Costoya Martín Díaz Fernández Alejandro Ferreira Iglesias Judit González Prol
Inditex	Elaboración dun ránking de provedores por sostibilidade	Laura Rodríguez Barreiro Adrian González Sieira	Inés Martínez-Pedrayo Pereira Carmen Salvado Vicente Elisa Sanmartín Santos
Navantia	Cálculo da cobertura óptima dun área mediante enxame de dróns UxV	Aitor Facio Valero	Óscar Padín Devesa Jose Vázquez Blanco Jaime José Zapico López
Televés	<i>Better lighting</i> aplicado á iluminación de exteriores	Marcos Mata Mansilla Adolfo Riera Álvarez	Iria Izquierdo Parente Raúl Seara Suárez Diego Suárez Castro